



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 5 /2013.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. José Ramón Losada Fernández

VOGAIS:

D. Ramón Rozadillas Valverde
Dna. Isabel Jamardo Carballo
D. José Antonio Rojo Fernández

SECRETARIA:

Dna. Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día 12 de xuño de 2014, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**

Visto no día da data o expediente número 5/2013 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE VILAR**, no concello de **TRIACASTELA**, iniciado por acordo do Xurado do 19 de xuño de 2013, sendo vogal instrutor **D. RAMÓN ROZADILLAS VALVERDE**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instrutor (con data 12 de agosto de 2013), iniciouse o expediente número 5/2013 (a instancia de **D. Marcos Celeiro Carballo** e **D. Constantino Corral Rodríguez, como veciños de Vilar**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

SEGUNDO: Con data 2 de setembro de 2013, recadouse do Servizo de Montes na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Con data 4 de setembro de 2013, recibíuse certificación do Servizo de Montes na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, na que se fai constar que o monte **DE VILAR**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

CUARTO: Con data 17 de setembro de 2013, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Becerreá**, os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.





2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Con data 27 de setembro de 2013, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Becerreá, na que se fai constar, que o monte, tal e como aparece descrito, non figura inscrito nese Rexistro.

SEXTO: Con data 17 de decembro de 2013, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Con data 17 de decembro de 2013, comunicóuselle ao concello de **TRIACASTELA** a iniciación do expediente e remitíronse **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

OITAVO: Con data 17 de decembro de 2013, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Becerreá, a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

NOVENO: Con data 17 de decembro de 2013, comunicóuselle a iniciación do expediente a **D. MARCOS CELEIRO CARBALLO** como solicitante da clasificación.

DÉCIMO: Con data 17 de decembro de 2013, remítiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: Con data 8 de xaneiro de 2014, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 4, páxinas 730, 731 e 732, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **DE VILAR**.

DÉCIMO SEGUNDO: Con data 27 de decembro de 2013, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Sarria, na que se fai constar a anotación preventiva realizada (letra A, predio **3.701**, libro 39 do concello de Triacastela, folio 213, tomo do arquivo 473; predio **3.702**, libro 39 de Triacastela, folio 214, tomo 473, e predio **3.703**, libro 39 de Triacastela, folio 215, tomo 473).

DÉCIMO TERCEIRO: Con data 20 de xaneiro de 2014, tivo entrada escrito asinado por **D. CARLOS GAYO TOURÓN**, como presidente da xunta reitora do monte veciñal en man común de Biduedo (Triacastela), no que manifesta, que as zonas a clasificar como monte de Vilar, non afectan ás propiedades do MVMC de Biduedo, pero atópase na estrema leste da parcela nº 3, polo que solicita a inclusión da parcela 274 do polígono 45, pertencente ao MVMC de Biduedo (exp. 79/79), na descrición da estrema leste da parcela 3, dentro do expediente 5/2013, do monte de Vilar.

DÉCIMO CUARTO: Con data 27 de xaneiro de 2014, tivo entrada escrito asinado por **Dña. MARGARITA SALGADO PARDO e 8 persoas mais**, como estremeiros do monte de VILAR e "posibles afectados pola devandita clasificación", no que expoñen que o MVMC de VILAVELLA, está constituído, entre outras, polas parcelas 213 do polígono 28, e 101, 731 e 734 do polígono 36, e solicitan que se teña en consideración aos efectos oportunos.

DÉCIMO QUINTO: Con data 24 de marzo de 2014, recibíuse certificación do concello de TRIACASTELA, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello durante un período de 30 días.

DÉCIMO SEXTO: Con data 1 de abril de 2014, comunicóuselle ao presidente da xunta reitora, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **DE VILAR**, (con voz pero sen voto).





FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, e, polo que respecta ás alegacións dos veciños de **Vilavella**, compróbase que ningunha das parcelas mencionadas no seu escrito, vese afectada pola clasificación do monte de Vilar, sendo a parcela 734 do polígono 36, estremeira polo norte da parcela 716, tal e como consta nas estremas da carpeta-ficha. Polo que respecta ao manifestado polos veciños de **Biduedo**, efectivamente, a parcela nº 3 do monte de Vilar, linda polo leste coa parcela 274 do polígono 45, que catastralmente figura a nome do MVMC de Biduedo, polo que se propón que figure na descrición das estremas. Polo demais, e posto que non consta que se teña presentado alegación algunha en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudio previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **DE VILAR**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE**:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **DE VILAR**
Pertenza: veciños de VILAR.
Parroquia: VILAVELLA.
Concello: **TRIACASTELA**.
Superficie: **59 hectáreas, 81 áreas e 92 centiáreas.**

Estremas:

Parcela nº 1 (que corresponde á parcela 716 do polígono 36):

Norte: M.V.M.C. de Vilasteva (exp 72/79) (parcela 734), Evaristo Rivera Tallón (parcela 50), Constantino Corral Rodríguez (parcela 81). Todas elas no polígono 36.

Sur: Predios particulares de Jesús Celeiro Río (parcela 242), Jesús Celeiro Páez e Aurelia Carballo Rodríguez (parcela 131), Evaristo Rivera Tallón (parcelas 235 e 126), Josefa e Fe Regueiro Pérez (parcelas 236 e 234), herdeiros de Manuel Gayo González (parcela 125) todas elas no polígono 36.

Leste: Predios particulares de José Río Lago (parcela 66), Manuel Fontán Pérez (parcela 339), Jesús Río Quiroga (parcela 340) e Paz Río Espín (parcela 351), todas elas do polígono 36.

Oeste: Predios particulares de Jesús Río Quiroga (parcela 122 do polígono 36), Asunción Gayo Aira (parcela 47 do polígono 36), Ana María López Sánchez (parcela 48 do polígono 36).

Parcela nº 2 (que corresponde ás parcelas 251 do polígono 44 e 107 do polígono 37):

Norte: Predios particulares de Asunción Gayo Aira (parcela 234), Evaristo Rivera Tallón (parcela 235), Fe e Josefa Regueiro Pérez (parcela 236), Jesús Celeiro Río (parcela 237), Manuel Aira Fontal (parcela 238), Jesús Río Quiroga (parcelas 248 e 243), herdeiros de Manuel Gayo González (parcela 242), Constantino Corral Rodríguez (parcela 241), Manuel Pérez Tourón (parcela 240), Manuel Fontán Pérez (parcela 247) e estrada de Vilar a Lamas. Todas elas no polígono 44.

Sur: Predios particulares de Evaristo Rivera Tallón (parcelas 541 e 538), Asunción Gayo Aira (parcela 540), Paz Río Espín (parcela 539), Fe Regueiro Pérez (parcela 537), Jesús Celeiro Río (parcela 536), Manuel Aira Fontal (parcela 535), Manuel Pérez Tourol (parcela 534), todas elas no polígono 44.

Leste: estrada LU-634 de Vilar a Lamas, monte comunal de veciños de Viduedo (parcela 386 do polígono 44), predios





XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO

Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural e do Mar

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

particulares de Avelino Gayo Pérez (parcela 96), herdeiros de Jesús Quiroga Montano (parcela 91), Jesús Río Quiroga (parcela 105), todas elas no polígono 37.

Oeste: predios particulares de Jesús Río Quiroga (parcela 252 do polígono 44), Jesús Celeiro Río (parcela 281 do polígono 44), Amparo, Eduardo, María, Celia, Avelina e Manuel López Torre (parcela 280 do polígono 44), Asunción Gayo Aira (parcela 279 do polígono 44) e estrada LU-634.

Parcela nº 3 (que corresponde ás parcelas 315, 316, 299, 300, 698 e 654 dos polígonos 44 e 45):


Norte: predios particulares de Carmen Regueiro Pombo (parcela 234 do polígono 45), Blanca González López (parcela 272 do polígono 45), Paz Río Espín (parcela 662 do polígono 44), Constantino Corral Rodríguez (parcela 576 do polígono 44), Jesús Río Quiroga (parcela 575 do polígono 44) e estrada xeral de Triacastela a Sarria.

Sur: predios particulares de Manuel, Luz, M^a Carmen e Modesta Páez Fernández (parcela 49), José Busto López (parcela 48), Carmen Regueiro Pombo (parcela 47), herdeiros de Javier Iglesias Pérez (parcela 248 e 246), Manuel López Pérez (parcela 247), Manuel Río Rivera (parcela 245), todas elas no polígono 45.

Leste: predios particulares de Carmen Regueiro Pombo (parcela 59), Manuel Lago Rivera (parcela 60), m.v.m.c. de Queixadoiro (exp. 75/79) (parcela 314) e m.v.m.c. de Biduedo (parcela 274), todas elas no polígono 45.

Oeste: Predios particulares de Ana María López Sánchez (parcelas 641 e 642 do polígono 44) e Manuel Río Rivera (parcela 96 do polígono 44).





4731000 4732000 4733000 4734000 4735000 4736000 4737000 4738000

646000 647000 648000 649000 650000

XUNTA DE GALICIA

Escala: 1: 20.000

0 100 200 400 600 800 m

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Parcela 1

Parcela 2

Parcela 3

Monte de los vecinos de Vilar

Enxerxeiro de montes

Fernando Raposo Méndez-Núñez

Coordenadas UTM: S. Ref.: ED-50